

# MOVIMIENTO OBRERO

## (SEXENIO DEMOCRÁTICO E RESTAURACIÓN)



*A carga* de Ramón Casas, 1899

## Contexto

- O liberalismo, o capitalismo e a industrialización crearon unha nova organización social: a **sociedade de clases**, con igualdade xurídica pero grandes diferenzas económicas (a riqueza é o novo criterio de organización social).
- Fortes contrastes sociais:
  - Unha minoría diñeirada (aristocracia e alta burguesía),  $\pm 6\%$ , posúe a maior parte da riqueza.
  - Unha escasa e débil clase media (13%).
  - Unha inmensa maioría de campesiñado e proletariado (81%).
- Os empresarios, na procura dos máximos beneficios, ofertaban **salarios miserables por xornadas extenuantes**.
- **Prohibición** de calquera tipo **de asociacións** que coartasen a liberdade de contratación.

## Campesiñado (60%)

- Empeorou a situación:

- Co novo concepto de propiedade liberal, perderon o dereito a seguir traballando as terras dos señores.




**Convertéronse en arrendatarios** (arrendos abusivos) **ou xornaleiros** (60%).

- A desamortización privounos do uso das terras comunais.
- Non puideron acceder á propiedade da terra desamortizada (cara, falta de aforros...).

- Grave **problema social**, sobre todo nas zonas latifundistas.  Ocupación de terras, fortemente reprimidas.



# ESPAÑA A FINALES DEL SIGLO XIX. CRECIMIENTO URBANO Y PREDOMINIO DE LA AGRICULTURA



## Traballadores urbanos

- Grupo heteroxéneo (traballadores do sector dos transportes, servizo doméstico, marxinados... pero sobre todo artesáns e obreiros industriais).
- Nivel de formación e de ingresos moi baixos, aínda que varía en función do tipo de traballo.

## Traballadores de talleres artesanais

- Grupo moi numeroso. Tende a diminuír ó longo do século, pero segue sendo maioría a finais do XIX.
- As súas condicións de traballo endurecécese coa aparición do liberalismo, o aumento de man de obra e da industrialización: xornadas máis longas, salarios máis baixos, perdas de emprego...



## Proletariado

- Obreiros industriais e mineiros principalmente. Colectivo en crecemento desde mediados do XIX, sobre todo nas áreas en industrialización.
- Formado por inmigrantes rurais que chegaban ás cidades na procura de traballo.
- Condicións de vida pésimas:
  - Vivendas pequenas e en malas condicións.
  - Barrios insalubres.



- Condicións de traballo moi duras:
  - Xornadas moi longas (12 – 14 horas diarias 7 días á semana)
  - Salarios míseros (3/4 dos ingresos para vivenda e alimentación), os das mulleres e nenos aínda máis baixos.
  - Fábricas en malas condicións (mal ventiladas, sucias...)
  - Traballos repetitivos, mecánicos, pouco considerados...
  - Condicións de traballo precarias: despidos, sancións, inseguridade, ausencia de dereitos laborais...
  - Traballo infantil (desde os 8-9 anos)

↓  
Analfabetismo.

↓  
Difícil promoción social



*“Non se pode comparar o noso traballo coa da xeneralidade dos artesáns, porque nin é tan monótono nin tan pesado nin se realiza baixo unhas condicións tan pouco hixiénicas e tan repugmantes coma o noso. (...) O seu traballo, pode que de máis difícil execución có noso, ten o aliciente da variedade e o atractivo da aprobación dos demais. O noso traballo realízase en condicións opostas. Metidos en grandes salas onde impera unha ríxida disciplina(...); colocados xunto ás máquinas somos os servidores destas. Dende as cinco da mañá ata as sete e media do serán facemos sempre o mesmo. (...)*

**Manifesto da sociedade de Fiadores de Barcelona. 1856**

# PRIMEIRAS PROTESTAS OBREREIRAS

Xurdiron cuns anos de atraso con respecto a outros países europeos e tiveron un desenvolvemento lento. —▶ Atraso da industrialización.

- Nas décadas de 1820 e 1830: **ACCIONES LUDITAS** (as máquinas consideradas as causantes do empeoramento das condicións de traballo, das baixadas salariais e da perda de emprego).
  - Iniciouse en Alcoi (1821) e Cataluña (destrución da fábrica *El Vapor*, de Bonaplata, 1835, primeira en introducir a máquina de vapor)
  - Movemento pouco organizado. Actos esporádicos duramente reprimidos.




Destrución de máquinas



Fábrica en El Molinar (Alcoi), onde se instalaron as primeiras máquinas de cardar e fiar.

*“Foi quemada a fábrica de tecidos e fundición de ferro dos señores Bonaplata e Cía en Barcelona. As autoridades (...) enviaron toda a forza da que se podía dispor, co fin de atallar o incendio; mais foi inútil, xa que estaban determinados a facelo, convencidos de que os teares movidos por máquinas diminuían a produción do traballo manual. (...) resultaron da refriega varios mortos e feridos”*



Posible aspecto da fábrica El Vapor



Incendio de El Vapor de Bonaplata (gravado da época)

- **FOLGAS** (ilegais) para arrancar ós patróns melloras salariais e/ou laborais.
  - Podía ser parcial (dun sector), xeral (de todos os sectores dunha cidade ou país) ou revolucionaria (con peticións laborais e políticas).
  - Os patróns recorrían a contratar a outros traballadores (esquiros) para romper a folga. As forzas de seguridades reprimían ós folguistas.
  - A primeira folga xeral foi no sector téxtil de Cataluña (1855) esixindo liberdade de asociación. Duramente reprimida (deportacións, prisión).
  - Para que a folga se mantivese e puidese triunfar debía ter o apoio dos traballadores, planificarse e contar con medios económicos (caixas de resistencia) para atender as necesidades dos folguistas.



Primeira folga xeral, Barcelona 1855, esixindo liberdade de asociación: "**Asociación ou morte. Pan e traballo**"

“As folgas, para triunfar, esixen que se dispoña de recursos. Reunir estes debe ser un dos primeiros coidados de toda Sociedade (...). Contra o que vén facendo na xeneralidade dos casos, as Sociedades (...) non deben ir á folga porque os obreiros teñan razón nas súas peticións — cousa que case sempre ocorre — , senón cando haxa probabilidades de vencer. (...)

Convén tamén advertir que non sempre, para mellorar as condicións de traballo, hai que facer unha folga. Cando as organizacións son robustas, basta só coa súa propia fortaleza para que os patróns, en moitos casos, accedan ó que piden os obreiros. Este dato debe servir de estímulo para vigorizar e fortalecer as Sociedades (...)

*El Socialista* (25 de xullo de 1898)

“A folga xeral debe ser esencialmente revolucionaria (...) Unha folga non debe declararse para alcanzar un pouco máis de xornal ou unha diminución de xornada, senón para lograr unha transformación total no modo de producir e distribuír os produtos. (...)

CNT Resolucións (do Congreso fundacional). 1910

## PRIMEIRAS SOCIEDADES OBREIRAS: SOCIEDADES DE SOCORRO MUTUO OU MUTUALISTAS.

- **Aparencia de sociedades benéficas** nas que os asociados se prestaban axuda en caso de enfermidade, despido, vellez, orfandade...
- **Carácter reivindicativo**, organizábanse para loitar por melloras salariais laborais, redución de xornada, regulación do traballo infantil... pero non aspiraban a cambiar a sociedade.
- Recorren a peticións de melloras (cartas) e ás folgas (a primeira en Barcelona, en 1843, e a primeira folga xeral, en 1855)
- Foron prohibidas polos moderados, toleradas polos progresistas e legalizadas polos demócratas.
- Co recoñecemento do dereito de asociación na Constitución de 1869, creáronse sindicatos, primeiro locais e de oficios e logo xerais.

“Tendo demostrado a experiencia que **varios fabricantes tenden a sacrificar o precioso suor dos traballadores, rebaixando os xornais** ata o deplorable extremo de non poder gañar xa o indispensable e puramente necesario para a triste subsistencia: (...) **pareceu oportuno** a varios tecedores de algodón **o establecemento dunha sociedade** pública, capaz de atallar estes males, e **cuxo obxectivo** único e exclusivo **sexo a mutua protección**, fundada baixo as seguintes bases (...):

- Todos **os socios** **satisfarán** desde o acto da inscrición a **módica cantidade** de vinte e cinco maravedíes semanalmente cada un. (...)
- **Cando o amo** de calquera fábrica, ou o seu delegado, **intentase acortar o xornal** ós seus traballadores, están obrigados **todos os** que fosen **socios** e pertenzan á mesma fábrica, a facer a resolución dos traballadores de **abandonar o taller**. (...)
- A Sociedade obrígase a **manter do fondo común ó socio** ou socios **que se quedasen sen traballo** (...) e **ó que fose despedido**. (...)

Estatutos da Sociedade de Protección Mutua dos Tecedores do Algodón, Barcelona 1843

“Señores deputados das Cortes Constituíntes:

Hai anos que a nosa clase vai camiñando a súa ruína. Os salarios diminúen. O prezo dos comestibles e das habitacións é máis alto. As crises industriais sucédense. Temos que reducir cada día o círculo das nosas necesidades, mandar ó taller ás nosas esposas (...), sacrificar (...) ós nosos fillos a un traballo prematuro.

O mal é gravísimo, urxe remedio, e esperámolo de vos. (...) **Pedímosvos** unicamente o libre exercicio dun dereito: **o dereito a asociarnos**. Hoxe só o temos para favorecernos nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédasenos en diante **para poder opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres, establecer, de acordo con eles, tarifas de salarios (...)**”.

Petición presentada por 33.000 obreiros nas Cortes. 1855




## MOVEMENTO OBREIRO

- Vai desenvolverse na Sexenio Democrático e na Restauración.
- Nos inicios próximo ós demócratas e ós republicanos, a quen os traballadores votaron cando se aprobou o sufraxio universal.
- Insatisfeitos por non conseguir as súas reivindicacións, **aproxímanse ó anarquismo e ó socialismo**, dúas ideoloxías críticas co liberalismo **que se integraran na Asociación Internacional dos Traballadores**, creada en Londres en 1864 para favorecer a asociación de todos os traballadores e conseguir a súa emancipación: *“proletarios de todos os países, unídevos”*



# O ANARQUISMO

- Líderes: **Bakunin** e Kropotkin.
- Corrente ideolóxica que defende a transformación revolucionaria e total da sociedade. Defende:
  - Eliminación de calquera tipo de autoridade ou poder e, por tanto, a **abolición do Estado**.
  - **Supresión da propiedade privada** e do dereito de herdanza para acabar coas diferenzas sociais.
  - A total **liberdade** individual e colectiva.
  - A **solidariedade**, os bens producidos polo traballo de todos deben repartirse segundo as necesidades de cada un.
  - A organización da sociedade en **comunas**, autónomas e autoxestionadas mediante acordos de todos.




- **Rexeita a participación política** (a organización en partidos, participación en eleccións...)
- A revolución alcanzárase a través de:
  - Os **sindicatos**, que deben:
    - Loitar polas melloras das condicións de vida de todos os traballadores (obreiros e campesiños).
    - Difundir as ideas anarquistas e concienciar ós desposuídos da necesidade da revolución.
  - A **educación**.
  - A **propaganda** mediante escritos, mitins, folgas ou accións violentas (*propaganda polos feitos*) contra representantes de poder (burguesía, Igrexa, militares, políticos...)



Bomba Orsini

# SOCIALISMO CIENTÍFICO / MARXISMO



- Líderes: **Marx e Engels**.
- Ó longo da historia sucedéronse distintos **modos de produción**: escravista, feudal, capitalista... pero en todos houbo clases antagónicas e enfrontadas. A **loita de clases** é o motor da historia (o que provoca os cambios históricos).
- **No modo de produción capitalista as clases en loita son a burguesía** (dona dos medios de produción) **e o proletariado** (desposuídos que viven da venda do seu traballo, sempre mal pagado).
- **A emancipación do proletariado debe ser obra deles mesmos**, pero para que o proletariado remate coa explotación capitalista ten que:
  - Tomar conciencia de que está sendo explotado polos donos do capital.
  - Organizarse sindical e politicamente.

- O obxectivo desta organización é o **triunfo dunha revolución que leve ó proletariado ó poder.**
- Unha vez conquistado o poder, establecerase unha **Ditadura do proletariado.** O proletariado usará o poder do Estado para desarmar á burguesía nacionalizando/colectivizando os medios de produción (terras, empresas, transportes, banca...).
- Unha vez nacionalizados os medios de produción, remataría a explotación do home polo home, baseada na propiedade privada, e alcanzaríase a sociedade socialista na que todos terían as mesmas condicións de vida. Neste momento o **Estado disolveríase.**
- A sociedade socialista organizaríase en comunidades de produción e consumo nas que os bens obtidos serían repartidos segundo o traballo e / ou necesidades de cada un.

## SOCIALISMO

- Organización en sindicatos e partidos.
- Participación política, loita polo poder.
- Eleccións e revolución.
- Ditadura do proletariado.
- Suxeito revolucionario: o proletariado.

## ANARQUISMO

- Organización en sindicatos e confianza nas accións individuais.
- Rexeitamento da participación política.
- Folga revolucionaria espontánea.
- Exaltación da liberdade.
- Suxeito revolucionario: o campesiñado e o proletariado.

**OBXECTIVO:** Rematar coa explotación do home polo home baseada na propiedade privada dos medios de produción e crear unha sociedade igualitaria, libre e xusta.

- Colectivización dos medios de produción.
- Reparto dos beneficios do traballo de todos segundo as necesidades de cada un.
- Sociedade igualitaria, sen diferenzas sociais.

# DOCTRINAS IDEOLÓGICAS DEL MOVIMIENTO OBRERO EN ESPAÑA

javisociales@gmail.com

SIGLO XIX

Lider

Karl Marx

Lider

Bakunin

**SOCIALISMO UTÓPICO**

**SOCIALISMO CIENTÍFICO (MARXISMO)**

**ANARQUISMO**

Objetivos:

Crítica al sistema capitalista  
Sociedad igualitaria  
Propiedad colectiva  
Reparto de la riqueza

Carece de:

Planteamientos políticos

Teorías idealistas

Objetivos

Crítica al sistema capitalista  
Igualdad Social, Política y Económica  
Cooperación obrera  
Abolición propiedad privada  
Abolición clases sociales  
Intervención del Estado en la economía

Principios

**Dictadura del Proletariado**

Los obreros llegarán al poder por la vía de la revolución

**Plusvalía**

El subconsumo acabará con la sociedad capitalista

Principios

Rechazo a cualquier forma de poder impuesto.  
Eliminación del Estado y de sus instituciones  
Renuncia a cualquier forma de participación política.  
Necesidad de que la población fuera educada

Objetivos

Eliminación del analfabetismo obrero  
Supresión del dinero  
Abolición de la propiedad privada  
Defensa del terrorismo  
Utilización de la huelga  
Rechazo a la religión

**SOCIALISMO EN ESPAÑA**

fundador

Pablo Iglesias

**PSOE**

**UGT**


Programa político

Derecho de asociación, reunión y manifestación  
Sufragio Universal  
Reducción de la jornada de trabajo  
Prohibición del trabajo infantil

Política Socialista moderada  
Huelga como último recurso

# A ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE TRABALLADORES

- Fundada en **Londres** (1864) por representantes de organizacións obreiras de todas as tendencias: sindicatos de oficios, socialistas utópicos, anarquistas, marxistas...
- Obxectivo: fixar os **principios e estratexias a seguir** na loita de todos os traballadores para conseguir melloras (*“proletarios de todos os países, unídevos”*)
- Problemas:
  - **Diversidades ideolóxicas e métodos** a seguir. O enfrontamento entre anarquistas e marxistas (Bakunin e Marx) rematou coa expulsión dos anarquistas.
  - **Represión dos gobernos europeos**, atemorizados polas insurreccións de comezos de 1870 (Comuna de París). Desaparece en 1877.




# FEDERACIÓN REXIONAL ESPAÑOLA





- Organización federativa constituída por seccións obreiras, fundada en **Barcelona** en **1870** e integrada na AIT.
- Rápida expansión (Cataluña, Valencia, Andalucía...).
- **Maioritariamente anarquista.**
- Momento álxido na Primeira República (grupos anarquistas promoveron insurreccións para derrubar o Estado e iniciar a revolución)
- O fracaso destas insurreccións e os enfrontamentos entre anarquistas e socialistas dentro da AIT repercutiron na FRE, que **expulsou ós socialistas** (1872) e perdeu forza.
- **Os políticos liberais** acusaron á AIT, e por tanto á FRE, de ser unha ameaza e **acabaron prohibíndoa en 1874** durante o goberno de Serrano. Ata o goberno longo de Sagasta (1885-90) estiveron prohibidas as asociacións de traballadores, e anarquistas e socialistas foron reprimidos. A Lei de Asociación (1887) recoñeceu a liberdade sindical e o socialismo e anarquismo volven a medrar.

## O ANARQUISMO EN ESPAÑA



- Introducido por **G. Fanelli**, discípulo de Bakunin, desde 1868.
- A doutrina anarquista estendeuse con rapidez, con federacións moi activas sobre todo en Cataluña e Andalucía, pero incapaces de integrarse nunha única organización.
- División entre:
  - Anarcosindicalistas (Bakunin). Confiaban na acción sindical para alcanzar a revolución e centraban a atención na instrución, na liberdade e na loita dos traballadores (caixas de resistencia, folgas...) para lograr unha sociedade igualitaria e libre. Fundaron a **Federación de Traballadores da Rexión Española** (FTRE), herdeira da FRE.
  - Anarcocomunistas ou comunistas libertarios (Kropotkin). Desconfían dos sindicatos. Apostan por organizarse en grupos afíns para difundir propaganda e loitar por calquera medio contra o sistema.

- Parte do anarquismo optou pola **acción directa** (*propaganda polos feitos, propaganda pola acción*): atentados contra os piares do Estado, da Igrexa e da burguesía.



Atentado contra Alfonso XII




Atentado contra Canalejas, 1912



- Feroz represión, ás veces indiscriminada, en resposta a atentados ou revoltas anarquistas. **Espiral de violencia: acción, represión, reacción.**



Atentado con bomba na procesión do Corpus, 1896.  
12 mortos e 35 feridos.



Asasinato de Cánovas, agosto 1897




Ft Fusilamentos no Castelo de Montjuïc, maio 1898



Execución de Angiolillo, agosto 1897

- A proliferación de atentados e a dura represión afondou na **división do anarquismo**:
  - Partidarios de continuar coa acción directa.
  - Partidarios de preparar a revolución social a través da propaganda , a educación e as organizacións sindicais (Solidariedade Obreira en 1907 e Confederación Nacional do Traballo en 1910).
- A **CNT** foi o principal sindicato nas primeiras décadas do XX, con especial presenza en Cataluña, Zaragoza e Valencia. Entre os seus líderes sindicais destacan Ángel Pestaña e Salvador Seguí.



- Na crise da Restauración, a **Semana Tráxica** de Barcelona de 1909 (motín popular polo envío de tropas a África, folgas e insurreccións) desatou unha atroz represión (desterros, cadeas perpetuas e execucións) que motivaron a caída de Maura.



A Semana Tráxica (26 de xullo – 2 de agosto 1909) saldouse con 78 mortos, centos de feridos e edificios incendiados (deles 80 relixiosos). A represión do goberno conservador de Maura foi rápida, durísima e indiscriminada (miles de detidos, 2000 procesados e condenas de desterro, cadea perpetua e 5 execucións, entre elas a do pedagogo Ferrer Guardia, que nada tivo que ver cos feitos. As protestas foron multitudinarias.

- Durante a Ditadura de Primo de Rivera, a CNT foi clausurada e os anarquistas tiveron que actuar na clandestinidade. Os máis radicais fundan, en 1927, a **Federación Anarquista Ibérica** (FAI)





“Queremos a abolición de todas as clases sociais e a súa conversión nunha soa de produtores libres, honrados e intelixentes. Queremos que sexa o traballo a base sobre a que descansa a sociedade, que o mundo se converta nunha inmensa federación de libres colectividades obreiras (...). Queremos que os instrumentos do traballo, a terra, as minas, os arsenais, os buques, ferrocarrís, fábricas, máquinas... sexan propiedade da sociedade enteira, sendo utilizados unicamente polas colectividades obreiras que as fagan producir directamente, e no seu seo recibirá o obreiro o produto íntegro do seu traballo (...).

O noso lema non pode ser máis claro nin terminante: NON MÁIS DEREITOS SEN DEBERES, NON MÁIS DEBERES SEN DEREITOS. Ou en outros termos: QUEN QUEIRA COMER QUE TRABALLE”.

Manifiesto da Federación Rexional Española da AIT (1872)

# SOCIALISMO

- Introducido en España por **Paul Lafargue**, xenro de Marx
- Primeiras agrupacións socialistas xurdiron en Madrid, onde Lafargue atopou seguidores, sobre todo entre os tipógrafos, entre eles Pablo Iglesias.
- **PABLO IGLESIAS** fundou, en 1879, clandestinamente en Madrid, o **PSOE**.



Emblema do PSOE

- O programa fundacional do PSOE, seguindo os postulados marxistas, establece:
  - A meta da transformación revolucionaria da sociedade mediante a conquista do poder pola clase traballadora.
  - A conversión da propiedade privada en colectiva.

*O partido socialista declara que ten por aspiracións:*

*A posesión do poder político pola clase traballadora.*

*A transformación da propiedade individual ou corporativa dos instrumentos de traballo en propiedade colectiva, social ou común. Entendemos por instrumentos de traballo a terra, as minas, os transportes, as fábricas, máquinas, (...).*

*En suma: o ideal do Partido Socialista é unha completa emancipación da clase traballadora; é dicir, a abolición de todas as clases sociais e a súa conversión nunha sociedade de traballadores, donos do froito do seu traballo, libres e iguais, honrados e intelixentes (...)*

*Dono o proletariado do poder político, valeráse del (...) para arrancar a burguesía todos os seus privilexios e monopolios e reducir ós seus individuos á categoría de simples produtores.*

- Fundación de varios xornais para difundir o ideario, entre eles *El Socialista*.

- Celebración do primeiro congreso en Barcelona, 1888.

- Creación da **Unión Xeral de Traballadores** (UGT / UXT) en 1888.



# EL SOCIALISTA

ORGANO DEL PARTIDO OBRERO

Subscriptiones por trimestre: España, 1 peseta; Ultramar, 1,35; Portugal, 1,25; Otras partes, 1,75. Venta: Folio de 10 números, una peseta. Los pagos se efectúan en libranza de giro sobre el correo de Madrid. No se admiten suscripciones cuyo pago se no lo pague al contado.

APARECERÁ LOS VIERNES

REDACCION Y ADMINISTRACION, DEBANA-CORREO, 1, P.º.º.º.  
Hasta de edición de cada 4 días de la noche.

Las suscripciones se reciben: en Madrid, en la Administración, y en provincias, en el domicilio de los correspondientes del periodo de entrega, directamente en Administración. La correspondencia de redacción, al señalar de Pablo Iglesias, la de Administración, al de Manuel Alcaraz.

## MANIFIESTO

DE LOS

## DELEGADOS DEL I.º CONGRESO DEL PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL Á TODOS LOS TRABAJADORES

### Compañeros:

Terminados los trabajos que nos encomendaron las Agrupaciones Socialistas que han tomado parte en el primer Congreso del Partido Obrero, consideramos de verdadera utilidad para los intereses del proletariado derivar de conocer a todos los delegados, a cuantos entre los creales burgueses y los obreros maritimos que el régimen capitalista engendra.

No ha tenido por misión este Congreso elaborar el Programa del partido que representamos, ni afirmar su existencia como partido de clase, disolviéndose a todos los partidos burgueses. Eso habíamos hecho ya hace algunos años las Agrupaciones que se crearon, y sin embargo como buen las que nada largo ingresaron en él. Lo que principalmente ha motivado la celebración del Congreso Socialista ha sido la necesidad que sentía el Partido Obrero establecer una organización que, uniendo estrechamente sus fuerzas, haciendo de las Agrupaciones que le constituyen un solo cuerpo, le permitiera trabajar con toda eficacia por la propaganda de sus ideales y conseguir mejor a los que se oponen a su difusión y triunfo. Cuando el Partido Socialista Obrero le firmaban solamente cuatro o seis Agrupaciones, una organización era innecesaria; desde el momento que el número de aquellas es relativamente crecido y la propaganda realizada acerca la probabilidad de que dicho número aumente muy en breve, la organización general se impone.

Pero el Partido Socialista Obrero, al verse impedido por el aumento de sus fuerzas—de dos años a dos años—de celebrar un Congreso con objeto de dar a éstas la cohesión y unidad necesarias, estimó oportuno y conveniente aprovechar dicho acto para realizar un modo sólido las aspiraciones que lo dan vida; revisar y complementar la segunda parte de su Programa; afirmar de nuevo su actitud con los partidos burgueses, y delencarse del sistema social presente; marcar la conducta que debe seguir en las luchas de las Sociedades de resistencia con los patronos o industriales, y señalar la forma en que ha de estar representado en el Congreso internacional que se va a celebrar en la democracia socialista alemana, deberá verificarse el año venidero en la capital de Francia.

Estos han sido los puntos que han constituido la orden del día del Congreso, y sobre todos ellos, salvo en ligeros detalles, ha resultado acuerdo unánime; señal clarísima de que ingresa en el Partido Socialista Obrero la unidad de pensamiento más completa. La organización del Partido, cuya finalidad es facilitar a éste el crecimiento de sus fuerzas y la rápida consecución de los ideales que le sirven de bandera, ha sido reconocida como necesaria y creada por el Congreso.

La aspiración del Partido, además en los puntos referidos a la propiedad y la enseñanza y completa por una adición que explícitamente consigna el deber que tendrá la sociedad venidera o igualitaria de atender al sostenimiento de los impedidos por

edad o enfermedad, ha obtenido la ratificación del Congreso.

La segunda parte del Programa, o sea las medidas políticas y económicas que el Partido Socialista Obrero reclama para que los asalariados puedan trabajar más fácilmente por la defensa de sus intereses y mejorar su condición económica, ha sufrido variaciones por las cuales se concuerdan más algunas de aquellas y se incluyen otras de verdadero interés para los individuos de la clase productora.

Respecto a la actitud del Partido Socialista Obrero con los partidos burgueses, el Congreso ha aprobado, como no podía por menos estando compuesto de representantes que defienden el principio de la lucha de clases, que se caben constituciones ni benevolencias entre el partido que se propone realizar la emancipación económica de los trabajadores y los partidos que, por mantener los privilegios y monopolios de la burguesía, se oponen abiertamente a ella; debiendo, por consiguiente, el Partido Socialista Obrero luchar contra dichos partidos cuando sus fuerzas le permitan.

Acercos de la conducta que el Partido Obrero debe observar en las luchas, el Congreso, reconociendo que éstas, sobre ser el resultado del antagonismo social existente, son el medio de que se valen los trabajadores en el campo económico para hacer frente al despojo patronal y obtener un salario lo más elevado posible, ha acordado que el Partido preste al movimiento de resistencia su incondicional apoyo y ayude con todas sus fuerzas a las organizaciones obreras que peleen con los patronos.

Por último, el Congreso, fundándose en la necesidad de que todos los socialistas revolucionarios del mundo procedan mancomunadamente contra la clase explotadora o capitalista, ha resuelto que el Partido Obrero tenga un representante propio en el Congreso internacional convocado en París para el año próximo por los socialistas alemanes, y que dicho representante asigne en él por la creación de un Comité internacional que haga posible la unidad de acción de los partidos obreros de todos los países y facilite, mediante la publicación de un periódico mensual o trimestral que dé a conocer el movimiento socialista de todas las naciones, la propaganda de las doctrinas emancipadoras.

Tal ha sido, trabajadores, la obra del primer Congreso del Partido Socialista Obrero.

Socialistas las resoluciones principales por él tomadas, estampamos inmediatamente lo que de hoy en adelante constituirá el

### PROGRAMA

### PARTIDO SOCIALISTA OBRERO

Considerando:

Que esta sociedad es injusta porque divide a sus miembros en dos clases desiguales y antagonicas: una, la burguesía, que, poseyendo los instrumentos de trabajo, es la clase dominante; otra, el proletariado,

que, no poseyendo más que su fuerza vital, es la clase dominada;

Que la sujeción económica del proletariado es la causa primera de la esclavitud en todas sus formas: la miseria social, el envilecimiento intelectual y la dependencia política;

Que los privilegios de la burguesía están garantizados por el poder político, del cual se vale para dominar al proletariado;

Por otra parte: Considerando que la necesidad, la razón y la justicia exigen que la desigualdad y el antagonismo entre una y otra clase desaparezcan, reformando o destruyendo el estado social que los produce;

Que esto no puede conseguirse sino transformando la propiedad individual o corporativa de los instrumentos de trabajo en propiedad común de la sociedad entera;

Que la poderosa palanca con que el proletariado ha de destruir los obstáculos que a la transformación de la propiedad se oponen ha de ser el poder político, del cual se vale la burguesía para impedir la reivindicación de nuestros derechos;

El Partido Socialista declara que tiene por aspiración:

1.º La posesión del poder político por la clase trabajadora.

2.º La transformación de la propiedad individual o corporativa de los instrumentos de trabajo en propiedad colectiva, social o común.

Estendamos por instrumentos de trabajo: la tierra, las minas, los transportes, las fábricas, máquinas, capital-materia, etc., etc.

3.º La organización de la sociedad sobre la base de la federación económica, el sustrato de los instrumentos de trabajo por las colectividades obreras, garantizando a todos sus miembros el producto total de su trabajo, y la enseñanza general científica y especial de cada profesión a los individuos de uno ó otro sexo.

4.º La satisfacción por la sociedad de las necesidades de los individuos por el estado o judicamento. En suma: el ideal del Partido Socialista Obrero es la completa emancipación de la clase trabajadora; es decir, la abolición de todas las clases sociales y su conversión en una sola de trabajadores, dueños del fruto de su trabajo, libres, iguales e honrados e independientes.

El Partido Socialista Obrero considera necesario para realizar su aspiración obtener las siguientes medidas políticas y económicas:


### POLITICAS

Derechos de Asociación, de Reunión, de Petición, de Manifestación y de Coalición. — Libertad de la prensa. — Sufragio universal. — Seguridad individual. — Inviolabilidad de la correspondencia y del domicilio. — Abolición de la pena de muerte. — Justicia gratuita. — Jurado para toda clase de delitos. — Supresión de los ejércitos permanentes y armamento del pueblo. — Abolición de la Deuda pública. — Supre-

- PSOE e UGT, representados por Pablo Iglesias, contribuíron á fundación da **II Internacional** (París, 1889), que defenderá:
  - A conquista do poder político polos traballadores.
  - A celebración do 1º de Maio como día da clase obreira.
  - A loita pola xornada de 8 horas.




- Desde 1890, o PSOE presentou candidatos ás eleccións e, en **1910**, unha alianza electoral dos socialistas cos republicanos conseguiu que **Pablo Iglesias** saíse elixido **deputado**.



- Na II Internacional existiron:

- Dúas tendencias:

- A dos marxistas ortodoxos
    - A dos **revisionistas marxistas** (Bernstein) que defende:
      - A democracia debe ser o medio para alcanzar o poder.
      - O poder democrático debe crear unha sociedade igualitaria mediante os impostos e a socialización dalgúns medios de produción, pero deben manterse pequenas propiedades privadas, as liberdades e o pluralismo.



- Problemas:

- Estoupido da Gran Guerra, que rematou con boa parte do internacionalismo
    - Triunfo da Revolución Rusa (1917). Lenin funda a **III Internacional** (1919) ou Komintern e parte do socialismo vai seguir o modelo soviético. En España fúndase o **Partido Comunista de España** (1921), integrado na III Internacional.



## Corrientes obreras dominantes en España a finales del siglo XIX

- Área de mayor difusión del socialismo
- Área de mayor difusión del anarquismo
- Escasa implantación de movimientos obreros
- Centros socialistas más importantes
- Centros anarquistas más importantes



## Logros do movemento obreiro

- **Regulación do traballo infantil:** prohibición de traballo nas fábricas a menores de 9 – 10 anos e a menores de 16 nos traballos subterráneos ( Lei Benot de 1873 e Lei Dato, 1900).

“Art. 1º Os nenos e as nenas menores de 10 anos non serán admitidos ó traballo en ningunha fábrica, taller, fundición ou mina.

Art. 2º Non excederá de cinco horas diarias, en calquera estación do ano, o traballo dos nenos menores de 13, nin e das nenas menores de 14.

Art. 3º Tampouco excederá de oito horas o traballo dos mozos de 13 a 15 anos.

Art. 4º Non traballarán de noite os menores de 15 anos (...)

Art. 5º Os establecementos de que fala o artigo 1º, situados a máis de catro quilómetros de lugar poboado, (...) terán obrigación de soster un establecemento de instrución primaria, (...) É obrigatoria a asistencia a esta escola durante tres horas polo menos para todos os nenos comprendidos entre os 9 e os 13 anos (...)


Lei Benot. Palacio de las Cortes, 24 de xullo de 1873.

Nas industrias incumpríase con frecuencia a lei e no campo os nenos/as comezaban a traballar ós 5 - 7 anos.

A idade de seis anos para comezar a traballar é a xeral, non so en Cataluña, senón nos restantes centros fabrís de España (...). Traballan de 12 a 13 horas, gañan moi pouco e trátaselles moi mal (...).

Estas infelices criaturas de seis anos deben percorrer longas distancias par air ó traballo e quedan durmidas a cada instante nas fábricas da alta montaña de Cataluña, instaladas nas marxes dos ríos e nas que se traballa día e noite, alternando por grupos.

Informe sobre o traballo infantil  
(presentado ante a Comisión de Reformas Sociais en 1883)



*A tecedora*, Joan Planella, 1882

- **Lei de accidentes de traballo (1900).**
- **Xornada laboral de oito horas**, aprobada tras a folga de La Canadiense polo goberno de Romanones en 1919 (primeiro país en recoñecela)

